

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2005.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

ANEXO

NIF: 34955769R.

Grupo: D.

Apelidos e nome: Paredes Medela Olga.

Posto de traballo: habilitada.

Nivel: 20.

Código do posto: OTA991000032001034.

Localidade: Ourense.

Dependencia: Área Provincial do IGVS (Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo).



INFORMA

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 6 de marzo de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se resolve definitivamente o proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de persoal técnico superior en psicología, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo do organismo e se lles adxudica aos participantes o destino definitivo correspondente.

A base décimo sexta e seguintes das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que, publicadas as listaxes provisionais, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as correccións oportunas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, a resolución definitiva da asignación de destinos por centros de xestión. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución.

Así mesmo, o persoal en situación de expectativa de destino que obtivese praza na fase de provisión será nomeado persoal estatutario fixo, polo que a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, a relación definitiva do total dos adxudicatarios, con expresión concreta da praza adxudicada, resolución que abrirá, de ser o caso, o prazo de toma de posesión.

Polo tanto, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións e os destinos obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, convocado polas diversas ordes da Consellería de Sanidade do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), da categoría de persoal técnico superior en psicología.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Nomear persoal estatutario fixo na respectiva categoría os aspirantes seleccionados en situación de expectativa de destino.

Cuarto.-Adxudicarlles a todos os participantes con carácter de destino definitivo a praza correspondente que figura no devandito anexo desta resolución.

Quinto.

1. Os adxudicatarios procedentes da fase de selección disporán dun prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para efectuaren a toma de posesión. De non se producir a toma de posesión no prazo indicado sen causa xustificada, quedará sen efecto o nomeamento como persoal estatutario fixo da respectiva categoría e especialidade e perderán os dereitos derivados da súa participación no proceso de consolidación de emprego.

Este mesmo prazo aplicarase no caso de que a adxudicación de praza supoña o reingresso ao servizo activo. En ambos os dous casos, este período non será retribuído.

2. Cando o adxudicatario sexa persoal estatutario con praza en propiedade na mesma categoría e especialidade e non proceda da fase de selección, deberá cesar na que, se é o caso, desempeñe, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución. Non obstante, o xerente da institución, por necesidades do servizo, poderá ampliar este prazo ata dez días.

A toma de posesión na nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se as prazas son da mesma localidade;

no prazo de quince días hábiles, se son de distinta localidade pero da mesma área de saúde; ou no dun mes, se pertencen a distinta localidade e área de saúde. Non disporán de ningún dos prazos posesorios sinalados aqueles adxudicatarios de praza que xa estivesen ocupando praza no mesmo centro ou complexo hospitalario, en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

O prazo de toma de posesión e, se é o caso, a prórroga deste, terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes conforme as normas establecidas na orde anual pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica.

Cando o adxudicatario non tome posesión da praza adxudicada no prazo indicado sen causa xustificada, perderá todos os dereitos derivados da súa participación nesta convocatoria.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario e será declarado na devandita situación quen non se incorpore ao destino obtido dentro dos prazos establecidos ou das súas prórrogas que legal ou regulamentariamente procedan. Non obstante, se existen causas suficientemente xustificadas así apreciadas pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde logo da audiencia do interesado, poderá deixarse sen efecto a devandita situación. En tal caso, o interesado deberá incorporarse ao seu destino tan pronto como desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

3. A toma de posesión da praza adxudicada levará aparellado o cesamento do persoal estatutario temporal que, se é o caso, corresponda, aplicándose os criterios de cesamento do Servizo Galego de Saúde.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

ANEXO

RELACION DEFINITIVA DE ADXUDICATARIOS E DESTINO

PEROAL TECNICO SUPERIOR EN PSICOLOXIA

NIF	NOME	DESTINO ADXUDICADO
12735809-L	ALVAREZ GARCIA, LUIS CARLOS	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
76614077-L	ALVAREZ RODRIGUEZ, AUREA	3204-H.C. DE VALDEORRAS
32604065-R	ALVARGONZALEZ UCHA, M. CARMEN	3603-C.H. DE PONTEVEDRA
34933423-B	AMORIN FIUZA, CANDIDO	3201-C.H. DE OURENSE
33234180-P	BARREIRO SORRIVAS, CESAREO	3601-C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO
36023733-Y	CARBALLIDO GALEGO, Mª ANGELA	3601-C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO
32626717-K	CARREÑO FERNANDEZ, MERCEDES	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
33843316-N	CASTRO BAL, MERCEDES	2701-C.H. XERAL-CALDE
34965823-G	CASTRO CASANOVA, YOLANDA	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
32433055-L	CASTRO SABIO, ALFONSO	1501-C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
00955935-D	DOMINGO GUTIERREZ, MARIA MERCEDES	2707-H.C. DE MONFORTE DE LEMOS
22907846-F	ESTEVEZ SERANTES, AMADOR MANUEL	1505-C.H. A MARCIDE-NOVOA SANTOS
35544846-W	FERNANDEZ BESADA, AMALIA	2701-C.H. XERAL-CALDE
32436866-N	FERNANDEZ BLANCO, MANUEL GUILLELMO	1501-C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
33213224-M	FERNANDEZ EIRE, Mª DEL CARMEN	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
33213141-Z	FERNANDEZ LOPEZ, JESUS ABEL	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
36063691-J	FERNANDEZ MARTINEZ, RAFAEL	3603-C.H. DE PONTEVEDRA
35994741-V	FRAGA FERNANDEZ, MARIA ASCENSION	3601-C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO
33218801-Q	GARCIA ALVAREZ, MIGUEL ANGEL	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
36029378-Q	IGLESIAS GROBAS, MARIA TERESA	3601-C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO
33828794-A	JIMENEZ REY, MARIA JOSE	2701-C.H. XERAL-CALDE
32439577-D	LAGO CANZOBRE, SANTIAGO	1505-C.H. A MARCIDE-NOVOA SANTOS
32615673-V	LAGO DIAZ, FRANCISCO JOSE	1505-C.H. A MARCIDE-NOVOA SANTOS
34942090-F	LLAMAS MENDEZ, BEGOÑA	3201-C.H. DE OURENSE
33805617-X	LOPEZ FOLGUEIRA, MIGUEL ANGEL	2707-H.C. DE MONFORTE DE LEMOS
33218649-W	LORENZO GARCIA, Mª ISABEL	3603-C.H. DE PONTEVEDRA
34919629-V	LORENZO RUMBAO, Mª DEL CARMEN	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
33821709-W	LOSADA LOPEZ, MIGUEL ANXO	2701-C.H. XERAL-CALDE
33210070-W	LOUZAO CAMPOS, MARIA JOSE	1501-C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
33224353-W	MARCOS LUAÑA, JOSE LUIS	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
33254366-T	MARTINEZ CALVO, CARMEN	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
76400064-K	MARTINEZ SANDE, GONZALO	1501-C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
32448642-N	MENDEZ RIOS, JORGE	1501-C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
33232871-X	PELETEIRO FERNANDEZ, Mª TERESA	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
34918834-G	PEREIRA CALVIÑO, MARIA ISABEL	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
32619154-W	PRADOS MORENO, EUGENIO	1505-C.H. A MARCIDE-NOVOA SANTOS
33826970-L	RAMIL FRAGA, MARIA JOSEFA	1505-C.H. A MARCIDE-NOVOA SANTOS
51869605-M	ROBLES PRIETO, JESUS	1505-C.H. A MARCIDE-NOVOA SANTOS
34256152-K	ROCA VALCARCEL, Mª ISABEL	2701-C.H. XERAL-CALDE
34590329-P	RODRIGUEZ BLANCO, ROSALIA	2706-H.C. DA COSTA-BURELA
35446486-J	RODRIGUEZ LOPEZ, JESUS	1501-C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
34910514-X	RODRIGUEZ SUAREZ, JULIA AMALIA	3201-C.H. DE OURENSE
32761016-T	SANCHEZ MARCOS, LORENZO	1501-C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
33254650-P	SANCHIDRIAN PEREGIL, PALOMA	3603-C.H. DE PONTEVEDRA
33212837-D	SILVA CHOREN, MAGDALENA	1571-C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE C.
33303855-Q	SOMOZA VAZQUEZ, MARIA JESUS	2701-C.H. XERAL-CALDE
34931839-Z	SUEIRO DOMINGUEZ, ENCARNACION	3201-C.H. DE OURENSE
36004111-A	VALLADARES VAQUERO, JORGE ANTONIO	3601-C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO
33835734-C	VARELA PUGA, EDUARDO	2701-C.H. XERAL-CALDE

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 3 de marzo de 2006 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso na escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos desta universidade polo sistema de promoción interna.

Ao existiren prazas de escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña, ocupadas por persoal laboral fixo do gru-